



MOXENAS MUSICAL GALEGO

01. presentación

Moxenas Musical Galego é unha agrupación artístico - musical popular e tradicional que reúne os mellores valores do Movemento Veciñal de Vigo nas distintas modalidades artísticas: Interpretación de música, canto e danza.

A agrupación ten as súas raíces no Movemento Veciñal de Vigo onde existe unha longa tradición de escolas de música tradicional; auténticos foros de formación para a xuventude nas distintas disciplinas musicais da nosa cultura popular. Conscientes de que chegado o momento estes valores formados durante anos precisarían dunha promoción a outro nivel superior, dende a Federación Veciñal de Vigo creouse Moxenas Musical Galego.

A dirección corre a cargo de don Xosé Oliveira, gaiteiro de "Noitarega" e conta coa colaboración de autores contemporáneos de prestixio como Ernesto Campos para algúns dos seus arranxos.

Tras varios anos de preparación interna para acoplar as diferentes disciplinas artísticas, Moxenas Musical Galego realizou a súa estrea o 30 de abril de 2005 no Teatro - Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova de Vigo. Esta presentación estivo amadriñada por Susana Seivane, en concerto co grupo, e contou cos apoios de recoñecidos artistas como Xosé Ferreirós de Milladoiro, a Asociación de Gaiteiros Galegos e de Antón Corral, director da banda de Gaitas Xarabal.



04. traxectoria artística

- 15-10-2004: Festa da Federación Veciñal de Vigo no Parque de Castrelos - Vigo
- 26-02-2005: Valença do Minho: reunión Escolas de Música Galiza-Norte de Portugal
- 30-04-2005: Teatro-Sala Concertos do C.C. Caixanova de Vigo con Susana Seivane
- 28-05-2005: Festa do Mozo en Vigo
- 28-05-2005: Estadio de Balaídos, no partido de Liga Celta - Terrassa
- 03-06-2005: Festa da Cereixa no Auditorio do C. C. de Beade - Vigo
- 15-07-2005: II Matamá Folc, xunto con QUEMPALLOU - Vigo
- 21-07-2005: Cámara municipal de Caminha: concerto ao aire libre - Portugal
- 22-07-2005: recepción da Alcaldía de Vigo no Día da Patria. Museo Quiñónes de León
- 18-10-2005: Festa da Federación Veciñal de Vigo no Parque de Castrelos - Vigo
- 11-12-2005: Auditorio do C. C. de Pexegueiro - Tui
- 28-07-2006: 36º Festival Intercéltico de Lorient - Francia
- 03-10-2006: Inauguración Salón Internacional da Pesca "CONXEMAR" - Vigo



02. compoñentes

Ata 40 compoñentes participan da posta en escena de Moxenas Musical Galego: gaitas, pandeiretas, piñas, culleres, tamborís, bombos, trompetas, saxos, teclado, frautas travesseiras, clarinetes e zanfona son os instrumentos que combinan coas voces e os bailes tradicionais.



03. moxenas: musical diferente

As composicións de Moxenas Musical Galego baséanse na música tradicional galega para transcendela con novos e revolucionarios arranxos a partir das grandes posibilidades que ofrece a utilización de instrumentos universais inseridos nas bandas de música e murgas modernas tales como os de vento metal e vento madeira.

A posta en escena resulta nunha novidosa sorte de montaxes nas que se ven manifestadas a un tempo as distintas modalidades artísticas (música, canto e baile) expresadas na súa mellor riqueza plástica con espectáculos sobre o escenario nos que o apartado musical combina todo tipo de instrumentos, tanto en conxunto como individualmente; a eles engádeselles o aliciente das voces cantando á par dos sons instrumentais. Súmase a esta posta en escena o vistoso do baile con montaxes de danza nas súas distintas variedades e estilos.

A experiencia resultante é un espectáculo de grande riqueza e atractivo visual con ata 40 participantes en escena, con entradas e saídas de músicos, vocalistas e bailaríns de acordo a unha nova concepción artística que arriquece a concepción do panorama tradicional galego.



05. contacto

Para máis información poden dirixirse a:
Xosé Couñago Ribeira
Responsable de Cultura
Federación Veciñal de Vigo
"Eduardo Chao":

Pz da Princesa 7,2º
36202 Vigo
tel.: 986 22 30 67
fax: 986 22 72 96
eduardochao@eduardochao.org

